

**DENOMINACIÓN DA ASIGNATURA: HABILIDADES DE LOITA**

**CURSO ACADÉMICO: 2008/2009**

**NÚMERO E TIPO DE CRÉDITOS: 4,5 CRÉDITOS 4 PRÁCTICOS Y 0,5 TEÓRICOS**

**DURACIÓN DA ASIGNATURA: CUATRIMESTRAL**

**CARÁCTER DA ASIGNATURA: TRONCAL**

**LIBRE CONFIGURACIÓN: NON**

**DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTIVA**

**CONTINUIDADE CURRICULAR: JUDO E A SÚA DIDACTICA, MESTRÍA EN JUDO I e MESTRÍA EN JUDO II**

## I. INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN

A ubicación da asignatura *Habilidades de Loita* dentro do actual Plano de Estudos impartido na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física constitúe a principal referencia á hora de seleccionar, priorizar e distribuír obxectivos e contidos dentro do programa de dita asignatura. Asemade, tanto a nosa percepción dos requerimentos formativos dos alumnos de primeiro ciclo como das disciplinas deportivas aas que fai referencia a denominación da asignatura, constitúen elementos orientadores da nosa proposta programática.

En resumo, contemplamos os seguintes factores á hora de deseñar a asignatura:

- *O descriptor da asignatura:*

Coñecemento das habilidades motrices de loita como conductas psico/sociomotrices e os seus contidos como recursos didácticos en Educación Física e iniciación. Fundamentos técnicos, tácticos e didácticos.

- *A finalidade das asignaturas de primeiro ciclo* da licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
- *O perfil do alumno* susceptible de cursar a asignatura.
- *As dimensións temporais* da asignatura
- *As características dos contidos* encadrados no concepto de loita.

En función de todo isto establecemos unha serie de obxectivos xerais da asignatura. Asemade, seleccionamos, organizamos e distribuímos unha serie de contidos que nos permitirían a consecución daqueles.

## II. OBXECTIVOS

- Integrar un corpo de coñecementos teórico-prácticos relativos ás habilidades de loita.
- Posibilitar a transferencia do conxunto de coñecementos do programa ás estruturas de outros deportes psico e/ou sociomotrices así como ás propias Ciencias aplicadas á Actividade Física e ao Deporte.
- Descubrir e fomentar as posibilidades para o aumento da capacidade de relación interdisciplinar dos deportes de loita respecto ás ciencias aplicadas á actividade física e o deporte.
- Experimentar e potenciar, mediante a execución de tarefas e actividades académicas e extra-curriculares, a adquisición de hábitos para o estudo e coñecemento dos diferentes ámbitos da loita.
- Concebir e desenvolver o presente Programa baixo o principio de enseñanza activa, que aposta pola responsabilidade conxunta docente-discente na consecución de obxectivos, desenvolvemento dos contidos e verificación dos sistemas de avaliación.

### **III. TEMARIO**

#### **BLOQUE TEMÁTICO I**

##### ***CONCEPTUALIZACIÓN DAS HABILIDADES DE LOITA***

#### **TEMA 1.- APROXIMACIÓN CONCEPTUAL E TERMINOLÓXICA: ORIXE E DESENVOLVEMENTO DA LOITA.**

- 1.1. Análise do descriptor da asignatura.
- 1.2. Acotación terminolóxica.
- 1.3. Cronoloxía da orixe.
- 1.4. Teorías sobre a súa orixe.
- 1.5.-Evolución e desenvolvemento.
- 1.6. Características xerais da loita.

#### **TEMA 2.- HABILIDADES DE LOITA: ALCANCE E DIMENSIÓN.**

- 2.1. Concepto de habilidade.
- 2.2. Clasificación das habilidades.
- 2.3. Concepto de Loita.
- 2.4. A habilidade motriz na loita.
- 2.5. Características das habilidades de loita.
- 2.6. Clasificación das habilidades específicas de loita.

#### **BLOQUE TEMÁTICO II**

##### ***AS HABILIDADES DE LOITA COMO RECURSO DIDÁCTICO NA INICIACIÓN***

#### **TEMA 3.- O PROCESO DE INICIACIÓN AOS DEPORTES DE LOITA.**

- 3.1. Concepto da iniciación deportiva.
- 3.2. A iniciación aos deportes de loita: consideracións xerais.
- 3.3. Contidos a manexar na iniciación aos deportes de loita.
- 3.4. Secuenciación de contidos no proceso de iniciación aos deportes de loita.

## **TEMA 4.- TRATAMENTO E EMPREGO DOS PARÁMETROS DE INICIACIÓN**

- 4.1. Metodoloxía para a construción de exercicios psicomotores específicos. Deseño de tarefas.
- 4.2. Metodoloxía para a construción de xogos de oposición/loita. Deseño de tarefas.
- 4.3. Metodoloxía para a construción de situacións de práctica das habilidades específicas de loita. Deseño de tarefas.

## **BLOQUE TEMÁTICO III**

### ***FUNDAMENTOS MOTRICES DAS HABILIDADES DE LOITA***

## **TEMA 5. HABILIDADES CON XIRO LIMITADO E DOUS APOIOS.**

- 5.1. Criterios fundamentais de execución.
- 5.2. Secuenciación práctica.
- 5.3. Variacións na execución.

## **TEMA 6. HABILIDADES CON XIRO COMPLETO E DOUS APOIOS.**

- 6.1. Criterios fundamentais de execución.
- 6.2. Secuenciación práctica.
- 6.3. Variacións na execución.

## **TEMA 7. HABILIDADES CON XIRO LIMITADO E UN APOIO.**

- 7.1. Criterios fundamentais de execución.
- 7.2. Secuenciación práctica.
- 7.3. Variacións na execución.

## **TEMA 8. HABILIDADES SEN XIRO NO ESPAZO LATERAL, UN APOIO E PROXECCIÓN POSTERIOR.**

- 8.1. Criterios fundamentais de execución.
- 8.2. Secuenciación práctica.
- 8.3. Variacións na execución.

## **TEMA 9. HABILIDADES SEN XIRO NO ESPAZO CENTRAL, UN APOIO E PROXECCIÓN POSTERIOR.**

- 9.1. Criterios fundamentais de execución.
- 9.2. Secuenciación práctica.
- 9.3. Variacións na execución.

## **TEMA 10. HABILIDADES SEN XIRO NO ESPAZO CONTRALATERAL, UN APOIO E PROXECCIÓN POSTERIOR.**

- 10.1. Criterios fundamentais de execución.
- 10.2. Secuenciación práctica.
- 10.3. Variacións na execución.

## **TEMA 11. HABILIDADES QUE PERMITEN O VOLTEO E O CONTROL CORPORAL.**

- 11.1. Criterios fundamentais de execución.
- 11.2. Secuenciación práctica.
- 11.3. Variacións na execución.

## **BLOQUE TEMÁTICO IV**

### ***APROXIMACIÓN AOS DEPORTES DE LOITA***

## **TEMA 13.-LOITAS CON AGARRE PREDETERMINADO: CANARIA E LEONESA.**

- 13.1. Aproximación reglamentaria.
- 13.2. Fundamentos motores.
- 13.3. Habilidades características.

## **TEMA 14.-LOITAS CON AGARRE LIBRE: LOITA GALEGA (LOITADA), JUDO, GRECORROMANA E LIBRE-OLÍMPICA.**

- 14.1. Aproximación reglamentaria.
- 14.2. Fundamentos motores.
- 14.3. Habilidades características.

#### **IV. AVALIACIÓN**

Será obrigatoria a asistencia ao **80% dos créditos prácticos** para podérense presentar á convocatoria ordinaria do exame práctico de Xuño.

Criterios de avaliación e calificación para a asignatura Habilidades de Loita.

Realizarase un só exame con carácter final, o cal constará de dúas partes, en función dos obxectivos e contidos establecidos.

##### **-Exame teórico:**

Dirixido a avaliar a integración de contidos teóricos, incluídos os referidos á parte práctica. En función diso incluíranse aspectos referidos aos fundamentos teóricos abordados nas asignaturas, así como á utilización das diferentes pautas metodolóxicas. A composición do exame será heteroxénea en canto a que conterà, en terminoloxía manexada por Blázquez (1990), cuestións propias das probas obxectivas e semi-obxectivas. Respecto ás primeiras, este autor sinala as seguintes posibilidades:

1. Probas de evocación, de resposta breve ou completación.
2. Probas de verdadeiro ou falso.
3. Cuestionarios de elección múltiple.
4. Probas de correspondencia.
5. Probas de identificación

Neste senso, inclinámonos polo primeiro modelo, entendendo como cuestións de evocación aquelas que poñen de manifesto a retención de coñecementos. Ás categorías sinaladas por este autor, nos añadiríamos a posibilidade de deseñar preguntas evocativas de desenvolvemento meio.

O exame completárase con cuestións propias do que Blázquez denomina proba semi-obxectiva, nas que solicitarase do alumno o emprego dalgún criterio metodolóxico ou ben a integración e asociación de aspectos conceptuais diversos.

##### **-Exame práctico:**

Dirixido a avaliar a integración teórico-práctica dunha serie de elementos referidos á loita e que se relacionan coa adquisición de aptitude motriz específica na loita, asemade

de coñecer cómo se manifesta correctamente a mencionada motricidade para que poida seren transmitida cos mellores garantes de éxito.

Para iso valorarase a competencia motriz dos suxeitos así como a asimilación de criterios de eficacia relativos ás habilidades.

O procedemento empregado para o desenvolvemento da proba será a observación do alumno.

No noso caso, empregaremos unha lista de control na que será realizada unha valoración cualitativa relativa á competencia nunha determinada situación ou o cumprimento de determinados criterios de eficacia.

O alumno realizará un total de dez habilidades e/ou situacións, acompañándose a valoración cuantitativa da mesma á valoración do conxunto do exame. As planillas de rexistro a empregar se expóñense a continuación.

**COORDINACIÓNS ESPECÍFICAS: SITUACIÓN PÉ**

**XIRO**

	<b>BEN</b>	<b>REGULAR</b>	<b>MAL</b>
<b>- Espazo de Ubicación</b>			
<b>- Colocación da Base de Sustentación</b>			
<b>- Execución do Xiro</b>			
<b>- Posición Final do Corpo</b>			
<b>- Orientación do Desequilibrio</b>			
<b>- Coordinación Xeral do Movemento</b>			

### SEN XIRO

	BEN	REGULAR	MAL
- Espazo de Ubicación			
- Colocación da Base de Sustentación			
- Mantemento do Equilibrio			
- Posición Final do Corpo			
- Orientación do Desequilibrio			
- Coordinación Xeral do Movemento			

### RESOLUCIÓN DA SITUACIÓN NO CHAN

BEN	REGULAR	MAL

A calificación final do alumno virá determinada en virtude das seguintes porcentaxes:

- *EXÁME TEÓRICO*.....30 %
- *EXÁME PRÁCTICO*.....70 %

Para que poida seren aplicada a correspondente porcentaxe, ambas partes deberán ter unha calificación mínima de *CINCO (5)*. No caso de incumprimento desta situación, non existirá a posibilidade de calcular a nota final, sendo a calificación *SUSPENSO*. O apto en calquera destes apartados manterase na convocatoria extraordinaria de Setembro e de Febreiro (Decembro). Trascorrido este periodo o alumno deberá someterse ao conxunto global do sistema de calificación.

## V. BIBLIOGRAFÍA

- AMADOR, F. (1990): Juegos y Deportes de Lucha. Consideraciones conceptuales. *Revista Deporte y Salud*, nº 3.
- BALLERY, L. (1978): *Lutte*, Editions Amphora. París
- BALLERY, G. (1988): Lutte Feminine. *Revista EPS*, nº 209, pp. 60-61.
- BARBOT, A. (1988): Contenidos de enseñanza en los deportes de combate con agarre. *Revista de Educación Física. Renovación de Teoría y Práctica*, nº 21, pp. 8-14.
- BOULAT, R. (1973): *Lutte, Judo, Sambo: Progresion Sportive de L'école au Club*. Editorial Education Physique et Sport. París.
- BRARD, J.-P. & LATTERADE, D. (1991): La Lutte-College. *Revista EPS*, nº 232, pp. 17-20.
- CASTARLENAS, J. L. (1990): Deportes de Combate. Aproximación Conceptual y Pedagógica. *Revista Apunts*, nº 19, pp. 21-27.
- CECCHINI, J. A. (1989): *El Judo y su razón kinantropológica*. G.H. Editores, S.A. Gijón (Asturias).
- DOPICO, J. (1995): *Revista de Educación Física (REF)*. Monográfico sobre Deportes de lucha. Octubre. A Coruña.
- DOPICO, J. (1998). *Estudio sobre la relación entre la lateralidad morfológica y la lateralidad funcional en la ejecución de habilidades específicas de judo*. Tesis Doctoral. Universidade da Coruña.
- DOPICO, J. & IGLESIAS, E. (1997). *Propuestas metodológicas para el desarrollo y optimización de la habilidad en judo en atención a las capacidades coordinativas*. En: VV.AA: El Judo y las ciencias de la actividad física y del deporte. Págs.71-82.
- DOPICO, J. & IGLESIAS, E. (1997). *Clasificación y organización de los contenidos de enseñanza específicos del Judo, para la intervención en la iniciación*. En: VV.AA: El Judo y las ciencias de la actividad física y del deporte. Págs. 83-112.
- DOPICO, J., IGLESIAS, E. & ROMAY, B. (1998). *Judo. Habilidades Específicas*. Santiago de Compostela: Lea.
- FAMOSE, J.P. (1992): *Aprendizaje Motor y dificultad de la tarea*. Editorial Paidotribo. Barcelona.
- HERNÁNDEZ, J. (1994): *Análisis de las Estructuras del Juego Deportivo*. INDE Publicaciones. Barcelona.
- LAWTHER, J. D. (1983): *Aprendizaje de las habilidades motrices*. Editorial Paidós Ibérica. Barcelona.
- IGLESIAS, E. (1999). *Estudio de la lateralidad funcional en la ejecución de habilidades específicas de judo, a partir de dos modelos de entrenamiento*. Tesis Doctoral. Universidade da Coruña.
- LE BOULCH, J. (1991): *El Deporte Educativo*. Editorial Paidós Ibérica. Barcelona.
- RUIZ PÉREZ, L. (1987): *Desarrollo Motor y Actividades físicas*. Editorial Visor. Madrid.
- RUIZ PÉREZ, L. (1994). *Deporte y aprendizaje*. Madrid: Visor.
- RUIZ PÉREZ, L. (1995). *Competencia Motriz*. Madrid: Gymnos.
- SATO, N. (1992). *Ashi Waza*. Barcelona: Paidotribo.
- UZAWA, T. (1981): *Pedagogía del Judo*. Editorial Miñón. Valladolid.
- VARIOS (1976): *Le Judo des 13/15 ans*. Edita FFJDA (Federación Francesa de Judo). París.
- VARIOS (1976): *Le Judo des 15 a 17 ans. Technique et entrinement*. Edita FFJDA (Federación Francesa de Judo). París.
- VARIOS (1992): *Judo I*. Editorial Comité Olímpico Español. Madrid.
- YAMASHITA, Y. (1993). *O Soto Gari*. Barcelona: Paidotribo.